

COMUNICACIÓN DE EXISTENCIA DE VERTIDO EN NEIRAS, CONCELLO DE SOBER
(PROVINCIA DE LUGO)

LUGAR: coordenadas 42° 28'17.9" N 7° 32'40.0"W
(O Ventorrillo, parroquia de Neiras, Concello de Sober)

FEITOS:

Dende o 10 de decembro do presente 2025, veciñanza do lugar do Ventorrillo (parroquia de Neiras, Concello de Sober) detectan o paso de camións e palas con material de escombro cara a zona de “A Graveira”, un espazo lacustre onde se situou unha canteira de area, inactiva dende hai anos, no monte de Neiras.

Entre o 10 e o 16 de decembro chegan unha media de 5 camións diarios con material procedente de escombros de obras, que se deposita, con operacións levadas a cabo cunha pala excavadora, nunha pequena lagoa á beira do camiño de acceso ao monte de Neiras.

Entre o material que se traslada e se deposita nesta zona hai, a simple vista – e está documentado mediante fotografías, que se achegan -, non só residuos inertes, senón tamén materiais como ferros, tubos de bombonas de butano, restos de canalóns, restos de roupa e plásticos. Claramente, no só se trata de residuos inertes que poideran ser obxecto dun plan de rexeneración de espazos.

Asemade, esta actividade supón o recheo dunha zona lacustre que provocou, coas choivas recentes, que a auga discurra manchada cara a canle de regadío e cara os cursos de auga.

A Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia dispón (artigo 55) que “calquea persoa física ou xurídica de carácter público ou privado, que detecte indicios ou riscos de contaminación do solo, como consecuencia da realización de calquera tipo de actividade, incluídas operacións de escavación ou movemento de terras, verteduras e accidentes, deberao pór en coñecemento do órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de solos contaminados coa maior brevidade posible.”

É por iso que estes feitos son comunicados á Consellería de Medio Ambiente, ademais de a Seprona e á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, pois, aparentemente, con esta actuación estanse xerando riscos para a auga, o solo a fauna e a flora.

A simple vista, os residuos vertidos identifícanse como “residuos da construción e demolición”, segundo a clasificación da normativa europea incorporada á lexislación estatal, pero inclúen plásticos e outros elementos.

O Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, sinala que, no caso de eliminación dos residuos de construción e demolición mediante depósito en vertedoiro (artigo 11): “se prohíbe el depósito en vertedero de residuos de construcción y demolición que no hayan sido sometidos a alguna operación de tratamiento previo. Esta disposición no se aplicará a los residuos inertes cuyo tratamiento sea técnicamente inviable”.

Residuos inertes son: “aquellos residuos no peligrosos que no experimentan transformaciones físicas, químicas o biológicas significativas. Los residuos inertes no son solubles, ni combustibles, ni biodegradables; ni reaccionan con los materiales con los que entran en contacto ni física, ni químicamente ni de ninguna otra manera, ni afectan negativamente a otras materias con las cuales entran en contacto de forma que puedan dar lugar a la contaminación del medio ambiente o perjudicar la salud humana. Los residuos inertes deben presentar un contenido de contaminantes insignificante y, del mismo modo, el potencial de lixiviación de estos contaminantes así como el carácter ecotóxico de los lixiviados debe ser igualmente insignificante. Los residuos inertes y sus lixiviados no deben suponer un riesgo para la calidad de las aguas superficiales y/o subterráneas.”

A Decisión do Consello da Xunta, do 19 de decembro de 2002, pola que se establecen os criterios e procedementos de admisión en vertedoiros inclúe unha lista de residuos que se consideran inertes sen necesidade de realizar as probas de admisión de residuos en vertedoiro de residuos inertes. Son os seguintes: envases de vidro, formigón, ladrillos, tellas e materiais cerámicos, mesturas de formigón, ladrillos, tellas e materiais cerámicos, vidro, terra e pedras.

No caso do vertido de Neiras, non só hai residuos inertes, senón tamén plásticos, roupa, canalóns ou gomas de bombonas de butano.

Por outra parte, o artigo 13 do RD 105/2008, establece que se poden usar residuos inertes en obras de restauración, acondicionamento ou recheo, pero cuns requisitos que, no vertido denunciado, non se cumpren, pois non se trata só de residuos inertes. En todo caso, estas operacións deben ser autorizadas pola Consellería de Medio Ambiente e deben contar cunha serie de documentación, que se relaciona a seguir:

- Xustificación de que o resultado da operación sexa a substitución de recursos naturais que, no caso contrario, deberían utilizarse para cumprir o fin buscado coa obra de restauración.
- Para a súa utilización como recheo de canteira, debe presentar aprobación do proxecto de restauración da concesión da explotación da canteira pola Consellería de Economía e Industria que contemple na restauración o uso de residuos inertes.

- Para a súa utilización en obras de acondicionamento de espazos degradados distintos das canteiras:
 - Estudo da viabilidade real do proxecto que acredite que a previsión de utilización de residuos non perigosos inertes é axeitada tendo en conta a previsión do tempo de aproveitamento presentado no cronograma de traballo a aportar pola empresa e a estimación real da produción de residuos non perigosos inertes da zona de influencia.
 - Proxecto de rexeneración da zona a restaurar, se é o caso.
 - Seguimento da restauración mediante un programa específico de control da actuación, se é o caso.

Ademais, a Consellería de Medio Ambiente debería esixir a presentación periódica de analíticas que demostren que o residuo segue a ter o carácter de inerte.

Aínda no caso de contar con autorización, a operación de recheo non se produciu na antiga canteira; non se enterran os residuos, senón que se depositan nunha pequena lagoa que provoca que a auga lixiviada se traslade á canle de regadío e aos cursos fluviais.

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático é a competente na xestión de residuos, con función de vixilancia, inspección e control, así como potestade sancionadora no relativo a solos contaminados, así como a competente para a “autorización e rexistro das actividades de produción e xestión de residuos”.

Adxúntanse a seguir algunhas fotografías.









